

■ Este ano cumpre 45 anos desde que a homosexualidade deixou de ser considerada un delito en España. Desde aquela, o colectivo LGTBI+ non cesou no seu propósito de lograr a igualdade total dos seus membros co resto da sociedade. Para CCOO, isto é tamén unha responsabilidade sindical. / Páxs. 2-3

Órgano de comunicación do S. N. de **CCOO**

Ao traballo con orgullo: das leis á realidade



Manifesto de CCOO polo Día Orgullo do 2023



Das leis á realidade

Este ano cumpre 45 anos desde que a homossexualidade deixou de ser considerada un delito en España. Desde aquela, o colectivo LGTBI+ non cesou no seu propósito de lograr a igualdade total dos seus membros co resto da sociedade, tradicionalmente normativa. A aprobación hai case un ano da Lei 15/2022, integral para a igualdade de trato e a non discriminación (lei Zero), e

a recente Lei 4/2023 para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI supuxeron un revulsivo importante na materialización dos dereitos das persoas LGTBI+.

AVANCE EN DEREITOS

O noso país avanza en dereitos democráticos para as persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais (LGTBI+) nos ámbitos político, social, educativo sanitario, etc., que se incorporan á conformación da dignidade das persoas.

As leis mencionadas conxúranse como ferramentas clave para adoptar accións positivas que faciliten a vida e o desenvolvemento persoal e profesional das persoas LGTBI+ sen ter que renunciar á súa identidade, sen se ocultar para acceder ao emprego, poder formarse ou promover, solicitar beneficios sociais existentes na empresa... Desde

Para que as leis sexan eficaces cómpre aplicálas, levalas a efecto, o que se traduce en coñecelas, telas presentes na nosa actividade

CCOO organizou un «café con orgullo» na súa sede nacional

O Sindicato Nacional de CCOO celebrou o propio 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBI+, un «café con orgullo» na sede nacional, en Santiago de Compostela. Ao acto acudiron delegadas e delegados sindicais de distintos puntos de Galicia.

O acto tivo lugar nun contexto marcado por dúas circunstancias do más diverso: dunha banda, cumpre este 2023 os 45 anos desde que a homosexualidade deixou de ser considerada un delito en España; doutra, nas próximas eleccións xerais, nas que existe o risco de que se produzan retrocesos nos dereitos do colectivo, como xa se está a ver nas comunidades autónomas e localidades onde a extrema dereita condiciona os gobernos.

A secretaria de Muller, Igualdade e Políticas LGTBI+ de CCOO de Galicia, Mamen Sabio, fixo un chamamento como sociedade a «mirar ben o que facemos porque non podemos dar un paso atrás» na conquista de dereitos.

Mamen Sabio subliñou tamén o «papel importantísimo» de CCOO para a consecución de dereitos das persoas LGTBI+, en especial no ámbito laboral. Precisamente, a



Mamen Sabio (arriba, na súa intervención) alertou contra o retroceso de dereitos polo auxe da extrema dereita

sindicalista destacou que o traballo é un espazo onde as persoas desenvolven boa parte da súa vida, razón pola que avogou por centros seguros onde se poida «ir ao traballo sen armarios», exemplificou.

Ao remate do acto, houbo unha concentración fronte á sede sindical e procedeuse á lectura do manifesto.

CCOO alentamos a vivir en liberdade, tamén no traballo: #AoTraballoSenArmarios e con #Orgullo-DeSer.

Pero a aprobación das leis non abonda. Para que as leis sexan eficaces cómpre aplicállas, levalas a efecto, o que se traduce en coñecelas, telas presentes na actividade laboral diaria para poder fazer frente a actitudes, accións, comportamentos LGTBIfóbicos de forma que non teñan cabida en ningunha esfera da vida. En CCOO, esta responsabilidade é, por suposto, sindical e por iso proclamamos: Ao traballo con Orgullo. Das leis á realidade.

Non é posible esquecer que os ataques de quen

obstaculiza o avance dos dereitos LGTBI+ en España estanse volvendo más crus e violentos, amparándose na loiada e a mentira.

Este ano, as manifestacións e concentracións co gallo do 28X nas diferentes cidades e vilas, así como a manifestación estatal do Orgullo (o sábado 1 de xullo, en Madrid), han ser más reivindicativas ca nunca, teñen que ser o Orgullo de todas as persoas. O Orgullo dunha sociedade diversa, plural, xenerosa, acolledora, que reclama a equidade legal real e que quere vivir de forma libre e plena con independencia de cal sexa a súa diversidade afectivo-sexual ou a súa diversidade familiar.

AGRUPACIÓ I ATLANTIS

INFORMACIÓN EN:

SANTIAGO - TEL. 611 602 341 (ALICIA)
A CORUÑA - TEL. 689 126 116 (JUAN)
FERROL - TEL. 981 350 974 (ANTONIO)
VIGO - TEL. 683 273 210 (ALFONSO)

> Seguro de auto

**Encántame
o cheiro a
gasolina...**

GRATIS

Contrata o teu Seguro de Auto
e leva ata
60 €¹
en cheques carburante

Promoción válida dende o 01/06/2023 ata o 31/07/2023.
Consulta as bases da promoción en <https://bit.ly/BasesCampanaAutoAtlantis2023>

Seguro de auto comercializado baixo a marca Tomamos por GACM SEGUROS GENERALES, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.U., NIF A-59575365, con clave DXSeFP C-0708, con domicilio en Carretera de Rubí, nº 72-74, 08174-Sant Cugat del Vallès (Barcelona) e distribuído por TARGOBANK, S.A.U., NIF A-79223707, operador banca-seguros vinculado, con clave OV0088, no Rexistro Administrativo de Distribuidores de Seguros e Reaseguros da DXSeFP, con domicilio na rúa Ramírez de Arellano, nº 29, 28043-Madrid. O operador Banca-Seguros Vinculado TARGOBANK, S.A.U. dispón dun seguro de responsabilidade civil profesional, de conformidade co Real Decreto 3/2020, de transposición da Directiva 2016/97, sobre a distribución de seguros e ten contrato de axencia coas entidades aseguradoras consultables no espazo información a cliente da páxina web www.tomamosimpulso.com.

1. Promoción válida para pólizas novas GACM Seguros Generales de turismos ou furgonetas de uso particular, con prima neta anual mínima de 200 €, contratadas baixo as modalidades de terceiros, terceiros con vidros, terceiros completo e todo risco con franquías dende o 01/06/2023 ata o 31/07/2023 e con data de efecto máximo ata o 31/08/2023. Quedan excluídas as substitucións de póliza. Promoción, regulada nas bases publicadas na páxina web <https://bit.ly/BasesCampanaAutoAtlantis2023>, consistente no agasallo por parte de GACM Seguros Generales de cheques carburante de ata 60 € en función da modalidade contratada, aproximadamente aos 75 días do cobramento do recibo de prima. En cumprimento do previsto na normativa fiscal vixente, o importe recibido en méritos desta promoción terá a consideración para o tomador da póliza de Ganancia Patrimonial en especie, sen Retención a conta.